De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, requirir a "FerrovialServicios, S.A." que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar nos lotes 1 (Pasarela de Insuela) e 3 (Parque e praia de Castiñeiras) e a "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar nos lotes 2 (Pasarela de Touro- Ameixida) e 4 (Porto de Aguiño), para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciban a notificación dos correspondentes requirimentos, presenten no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ós dous licitadores requiridos na data 04/06/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa "FerrovialServicios, S.A." presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2019 co número 8.394 e na data 17/06/2019 co número 8.477. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 13/06/2019 (nº operación: 2019 33003950), xustificativa de constitución de aval do Banco Santander, por importe de 1.856,64 euros, en concepto de fianza do lote 1 do contrato e a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 13/06/2019 (nº operación: 2019 33003951), xustificativa de constitución de aval do Banco Santander, por importe de 11.846,88 euros, en concepto de fianza do lote 3 do contrato.

Así mesmo dentro do prazo concedido a empresa "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 12/06/2019 co número 8.308. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 12/06/2019 (nº operación: 2019 33003900), xustificativa de constitución de aval de Caixabank, por importe de 2.418,33 euros, en concepto de fianza do lote 2 do contrato e a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data





12/06/2019 (nº operación: 2019 33003901), xustificativa de constitución de aval de Caixabank, por importe de 2.375,23 euros, en concepto de fianza do lote 4 do contrato.

Consta no expediente certificado de data 26/06/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “quede acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de FerrovialServicios, S.A. CIF A-80241789” e certificado de data 26/06/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “quede acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. CIF B-15025661.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 20/06/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 25/06/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coas ofertas presentadas polos licitadores e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 30/05/2019, **adxudicar o lote 1 (Pasarela de Insuela) e o lote 3 (Parque e Praia de Castiñeiras) do contrato para realizar a “Subministración e instalación de luminarias na beira litoral entre Palmeira e Aguiño” á empresa FerrovialServicios, S.A. (CIF A-80241789) e adxudicar o lote 2 (Pasarela de Touro-Ameixida) e o lote 4 (Porto de Aguiño) do contrato para realizar a “Subministración e instalación de luminarias na beira litoral entre Palmeira e Aguiño” á empresa Instalaciones Eléctricas Coruñesas (CIF B-15025661) nas seguintes condicións contractuais:**

FerrovialServicios, S.A. (CIF A-80241789):

LOTE 1	PASARELA DE INSUELA		
PREZO CONTRATO		PRAZO DE GARANTÍA	PRAZO EXECUCIÓN
Prezo total do contrato 44.930,76 (base: 37.132,86; IVE 21% 7.797,90)		10 anos	60 días
LOTE 3	PARQUE E PRAIA DE CASTIÑEIRAS		
PREZO CONTRATO		PRAZO DE GARANTÍA	PRAZO EXECUCIÓN
Prezo total do contrato 286.694,60 (base: 236.937,69; IVE 21% 49.756,91)		10 anos	60 días

Instalaciones Eléctricas Coruñesas (CIF B-15025661):

LOTE 2	PASARELA DE TOURO-AMEIXIDA		
PREZO CONTRATO		PRAZO DE GARANTÍA	PRAZO EXECUCIÓN
Prezo total do contrato 58.523,49 (base: 48.366,52; IVE 21% 10.156,97)		10 anos	60 días
LOTE 4	PORTO DE AGUIÑO		
PREZO CONTRATO		PRAZO DE GARANTÍA	PRAZO EXECUCIÓN
Prezo total do contrato 57.480,61		10 anos	60 días





(base: 47.504,64; IVE 21% 9.975,97)		
-------------------------------------	--	--

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 23 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación** ós licitadores e candidatos.

CUARTO.- Designar como responsable do contrato á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante.

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 12/06/2019 **"Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación, para a adxudicación do contrato do "Complementario do proxecto de pavimentación e instalación de rede de pluviais en Rúa Miñoteiro (Palmeira)""**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 12/06/2019 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Pavimentación en Insuela e na Rúa Ríoazor (Palmeira)""**.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 12/06/2019 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Renovación de servizos nun tramo da Rúa Alcalde Fernández Bermúdez (Riveira)""**.

4.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 12/06/2019 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Melloras de seguridade viaria (Avenida do Ferrol - Riveira)""**.

5.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 12/06/2019 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo en Carballal (Palmeira)""**.





6.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/06/2019 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Pavimentación e instalación de liña de pluviais na Rúa Torreiro (Corrubedo)””**.

7.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/06/2019 **“Decreto: Aprobación do proxecto técnico das obras de “Renovación do pavimento de beirarrúas e calzada nun tramo de Avenida Ramiro Carregal Rey. Polígono Industrial de Xarás””**.

8.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/06/2019 **“Decreto: Aprobación do proxecto técnico das obras de “Renovación renovación da cuberta do polideportivo de Sirves (Olveira)””**.

9.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/06/2019 **“Decreto: Aprobación do proxecto técnico das obras de “Mellora do firme do camiño do Canaveiro (Oleiros)””**.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

1.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – DANIEL DAVILA MARTÍNEZ.

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 26/06/2019 (Rexistro de entrada nº 9.233), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante de rosquillas (2 m. x 1 m.), o día 29/06/2019, pegado ao paredón do Auditorio Municipal (Praza dos Mariñeiros), co motivo da celebración das Festas de Bandourrío.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda ambulante de rosquillas (2 m. x 1 m.), o día 29/06/2019, pegado ao paredón do Auditorio Municipal (Praza dos Mariñeiros), co motivo da celebración das Festas de Bandourrío.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





2.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – IRENE COSTA DÍAZ.

Visto o escrito presentado por **Irene Costa Díaz**, de data 26/06/2019 (Rexistro de entrada nº 9.227), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante de patacas (2 m.), o día 29/06/2019, co motivo da celebración das Festas de Bandourrío.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Irene Costa Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante de patacas (2 m.), co motivo da celebración das Festas de Bandourrío.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - MIGUEL A. BARREIRO REIRIZ

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente e construción de garaxe anexo.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B.

REFª CATASTRAL: 15074A840003370000ZJ.

SITUACIÓN: Lugar de Sego nº 12, Artes, Riveira.

PROMOTOR/A: Sr. Miguel A. Barreiro Reiriz, (DNI 53.480.380-K).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Miguel Martínez Castro, (arquitecto col. nº 2.325).

PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 22 de febreiro de 2019 / Proxecto Modificado I de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 5 de abril de 2019 / Proxecto Modificado II de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 26 de abril de 2019 / Proxecto Modificado III de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de maio de 2019 / Autorización de arrimo

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 106.931,56 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes





ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Sr. Miguel A. Barreiro Reiriz, (DNI 53.480.380-K), solicitábase, en escritos rexistrados de entrada os días 26 de febreiro, 8 de abril, 3 e 30 de maio de 2019, (Rexistro de entrada nº 2.665, 4.873, 6.036 e 7.596), licenza de obras para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente e construción de garaxe anexo, sita no lugar de Sego nº 12, Artes, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A840003370000ZJ, achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 22 de febreiro de 2019, Proxecto Modificado I de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 5 de abril de 2019, Proxecto Modificado II de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 26 de abril de 2019, Proxecto Modificado III de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de maio de 2019 redactados polo Sr. Miguel Martínez Castro, (arquitecto col. nº 2.325), así como Autorización de arrimo.

SEGUNDO.- O arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital o día 3 de xuño de 2019 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

TERCEIRO.- Asimesmo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 6 de xuño de 2019 emite informe en relación á superficie de 28,50 m² de cesión a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, contemplando unha fianza para responder polos servizos urbanísticos a completar pola construción da vivenda unifamiliar de 93,22 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela na que se proxecta a vivenda unifamiliar en obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B.**

SEGUNDO.- Os artigos 23 a 26 Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia definen e regulan o Solo de Núcleo Rural, establencendo o artigo 23 o seguinte:

1. Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.

2. O planeamento, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorpore no estudo do medio rural, delimitará os núcleos rurais do seu ámbito de aplicación atendendo os parámetros anteriores, significadamente os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel





nos termos previstos nesta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.

3. A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

TERCEIRO.- Establece o artigo 24 da LSG o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural.

1. Os terreos que os plans xerais inclúan nas áreas delimitadas como núcleos rurais de poboación serán destinados aos usos característicos, complementarios ou compatibles coa edificación residencial no medio rural e coas necesidades da poboación residente neles.

2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.

3. No caso da construción de novas edificacións ou cambio de uso das existentes ou de rehabilitacións integrais, deberán ademais executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo.

4. Poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. O municipio deberá exixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga.

5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existiren, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

6. Nas áreas nas que por planeamento xeral ou especial se prevexan actuacións de carácter integral nos núcleos rurais, os propietarios ou propietarias de solo están obrigados a:

a) Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello o solo destinado a espazos libres, zonas verdes e equipamentos, e á administración titular correspondente, o destinado a viais.





b) Custear e, de ser o caso, executar as obras de urbanización previstas no ámbito da actuación integral.

c) Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento urbanístico da devandita área, agás nas actuacións integrais para as que o novo plan non prevexa un incremento da superficie edificable respecto das ordenanzas tipo do núcleo. A Administración non terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes aos terreos nos que se localice este aproveitamento.

7. As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

b) O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

CUARTO.- O artigo 25 da LSG contempla os usos do solo de núcleo rural.

1. O planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas nesta lei.

2. O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.

QUINTO.- O artigo 26 da LSG enumera as actuacións incompatibles.

1. Nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións:

a) As edificacións e usos característicos das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.

b) Os parcelamentos que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.

c) As naves industriais.

d) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rúeiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

f) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

g) A demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:

– Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

– Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, nos núcleos tradicionais estarán prohibidos:





a) As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.

b) Os novos tendidos aéreos.

c) A execución de actuacións integrais que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 22 de febreiro de 2019, Proxecto Modificado I de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 5 de abril de 2019, Proxecto Modificado II de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 26 de abril de 2019, Proxecto Modificado III de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de maio de 2019 redactados polo Sr. Miguel Martínez Castro, (arquitecto col. nº 2.325), así como Autorización de arrimo.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.





No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.





e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O artigo 90 da Lei do Solo de Galicia establece que os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación.

Nestas construcións so poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio.

O Planeamento Urbanístico determinará o réxime ao que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes a súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, conforme o sinalado no punto anterior, e poderanse realizar, como mínimo as obras sinaladas no punto anterior.

DÉCIMO TERCEIRO.- O artigo 171 do Plan Xeral de Ordenación Urbana establece que se considerará edificación fóra de ordenación aquela que incumpra algunha das prescricións e limitacións que se establezcan neste Plan con respecto á ordenación e a edificación.

Cando a inadaptación ás actuais Normas reguladoras da ordenación de volumes non sexan de gran magnitude ni supoñan grave perxucio o perigo, ou ben sexan debidas á aplicación de anteriores Normas u Ordenanzas de Edificación que non ten por qué coincidir coa Normativa do presente Documento, entenderase entón que ese tipo de edificacións encóntranse na situación xenérica de fóra de ordenación.

A situación xenérica de fóra de ordenación permite autorizar neles as necesarias obras de mellora e conservación, garantíndose o seu uso actual e a súa adecuación aos criterios técnicos de edificación da Normativa deste Documento, aunque non se poderá permitir ampliacións que supoñan un incremento do volume edificado.

En consecuencia de acordo co expresado, cando a situación de fóra de ordenación resulte do número de plantas, esta circunstancia non impedirá a libre transmisión de venda ou sucesión das vivendas nin a imposición de cargas sobre as mesmas.

Excepcionalmente e cando as condicións da finca non permitan mellor solución por aplicación da ordenanza, poderán autorizarse obras de aumento de volume e consolidación ao exclusivo obxecto da mellora das condicións hixiénico-sanitarias da vivenda, ata un 35 %





da superficie edificada con anterioridade á publicación deste Plan, sen superar as condicións de edificabilidade da ordenanza de aplicación.

No caso dunha edificación de nova planta, é dicir, posterior á data de aprobación definitiva deste Documento, que manifestamente incumpliera á Normativa que regula a ordenación de volumes, o alcalde estará no deber de proceder a inmediata suspensión das obras e demás medidas previstas no art. 175 LSG (derogado) e concordantes do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999 (derogado) sin perxuício da aplicación das correspondentes sancións por infracción urbanística que a LS e RDU establecen.

DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO SEXTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO SÉTIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO OITAVO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

CONSIDERACIÓNS

O artigo 103 da derogada Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, distinguía dos situacións diferentes dentro da figura do fóra de ordenación, establecendo por un lado un fóra de ordenación total definido como aquel xerado por unha completa incompatibilidade coas previsións do Planeamento respectivo onde únicamente se autorizaban a realización de meras obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e outra situación de fóra de ordenación parcial que se producía porque se incumplía únicamente determinadas prescricións do Planeamento, contemplándose a posibilidade de obras de mellora, reforma e ampliación que expresamente contemplase o Planeamento respectivo, cuestión problemática sobre todo nos municipios como é o do Concello de Riviera onde o Planeamento non estaba adaptado á mencionada Lei 9/2002.

A nova Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia no seu artigo 90 que substitúe o derogado 103 da Lei 9/2002, introduce como importante novidade a eliminación á referencia da categoría do réxime de fóra de ordenación parcial, para referirse únicamente a unha situación de fóra de ordenación que pola súa redacción no seu punto 1º e equivalente e concordante co antigo fóra de ordenación total da Lei 9/2002.

O artigo 90 contén unha relación pechada dos supostos de fóra de ordenación, a diferenza do artigo 103.2º da Lei 9/2002, destacando a nova Lei que quedarán afectados por tal situación, *“os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos”*, establecendo así unha sucinta enumeración dos supostos de fóra de ordenación a diferenza da antiga Lei que evita a interpretación técnica ou xurídica de cando unha edificación está afectada por tal situación.



FIRMANTE - FECHA





Cómpre nesta categoría de fóra de ordenación mencionar o disposto polo artigo 205 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que establece que *“éste réxime será de aplicación no caso dos edificios, construcións e instalacións existentes en solo urbano non consolidado, en áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no solo urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos ditos ámbitos”*.

Nas edificacións que se atopan en situación de fóra de ordenación so poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento de uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento de valor expropiatorio futuro, exixencia ésta última non contenida no artigo 103 da Lei 9/2002 pero que de feito si se realizaba en virtude do disposto no Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999, (derogado polo recente Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia), que trataba de evitar que determinadas obras conlevasen unha revalorización das edificacións que dificultase a súa expropiación futura e con elo dificultar o efectivo desenvolvemento das determinacións do Plan respectivo.

A xuízo do informante a importante novidade que introduce a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia é a supresión da categoría de fóra de ordenación parcial, si ben o punto 2º do artigo 90 establece que *“o Planeamento Urbanístico determinará o réxime ao que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes a súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións pero que non estén incursas na situación de fóra de ordenación, conforme ao sinalado no punto anterior, e se poderán realizar como mínimo as obras sinaladas no punto anterior”*, observándose do anterior que se mantén implícita unha situación análoga aínda que mais xenérica e imprecisa se cabe, ao que establecía o artigo 103.3º da Lei 9/2002. Destaca o feito de que non se exige para dita situación a exixencia de renuncia ao incremento do valor expropiatorio que na Lei 9/2002 de facto se aplicaba a ambos réximes, e en contraposición co previsto pola Lei 9/2002 non se definen as obras que a maiores se autorizan y que poderán realizarse en tal situación derivando dita labor ao Planeamento respectivo.

Considero importante aínda que non é aplicable ao suposto que nos ocupa por tratarse de distinta calificación de de Solo como é Solo Rustico e Solo de Núcleo onde o artigo 40 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, introduce a novidade para as edificacións sitas en solo rústico e solo de núcleo rural, que contén de modo colateral un réxime complementario para as edificacións incursas na antiga categoría de fóra de ordenación parcial, posibilitando dito artigo a posibilidade de acometer nas edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico e sen necesidade de cumprir todos os parámetros urbanísticos a excepción do límite de altura, obras de rehabilitación, reconstrución e por razóns xustificadas, ampliación inclusive en volume independente, sen superar o volume orixinal, mantendo en todo caso as características esenciais do edificio. Aos efectos do artigo 40, terán a consideración de tradicionais todas aquelas sen excepción existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975 de 2 de maio de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, que entrou en vigor o 25 de maio de 1975, do que se observa que o carácter tradicional que establece a nova Lei refírese a antigüidade da edificación con independencia da tipoloxía e características das mesmas, pois a norma non impón que deban resultar vivendas o construcións usualmente consideradas como tradicionais no medio rural galego, no senso que pola contra si exixía o artigo 29 da Lei 9/2002 ao referirse a vivendas de núcleos rurais.

O artigo 40 non se refire nin trata en exclusiva as edificacións na precedente e agora extinta situación de fóra de ordenación parcial pois tamén é aplicable para aquelas





edificacións nas que aínda cumpríndose a totalidade dos parámetros urbanísticos do Plan en vigor se pretenda realizar unha ampliación que non resultaría permitida polo Plan pero si autorizaría o artigo 40 nas condicións citadas. Neste suposto tampoco se exige a renuncia ao incremento do valor expropiatorio, xa que a edificación resulta axustada ao ordenamento xurídico.

Polo anteriormente exposto coa nova Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia o marco xurídico distingue tres situacións:

Edificacións en situación de fóra de ordenación por quedar afectadas por novos viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos no Planeamento; atendendo ao artigo 205 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia este réxime será de aplicación no caso dos edificios, construcións e instalacións existentes en solo urbano non consolidado, en áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no solo urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos ditos ámbitos Nelas se poderán autorizar solamente obras de conservación e as imprescindibles para garantir o uso preexistente.

Edificacións que sin atoparse no suposto precedente, incumpran algún parámetro urbanístico establecido no Planeamento Municipal. Nestas edificacións resultarían autorizables, además das obras sinaladas no apartado precedente, aquelas outras que permita o Planeamento.

Edificacións preexistentes á entrada en vigor da Lei 19/1975 de 2 de maio de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, sitas en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico que incumpran a súa vez algún parámetro urbanístico. Nestas edificacións resultarían autorizables, además das obras sinaladas nos apartados precedentes, aquelas obras de rehabilitación, reconstrucción e por razóns justificadas, ampliación inclusive en volume independente sen superar o 50% do volume da edificación orixinal.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital o día 3 de xuño de 2018, visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 6 de xuño de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/06/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Miguel A. Barreiro Reiriz **LICENZA DE OBRAS (Nº 19/19)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE e CONSTRUCCIÓN DE GARAXE ANEXO**, no lugar de Sego nº 12, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A840003370000ZJ, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 22 de febreiro de 2019, Proxecto Modificado I de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 5 de abril de 2019, Proxecto Modificado II de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 26 de abril de 2019, Proxecto Modificado III de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de maio de 2019 redactados polo Sr. Miguel Martínez Castro, (arquitecto col. nº 2.325), así como Autorización de arrimo:





- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 28,50 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal **unha fianza de 93,22 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.





- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da





propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO TRÁMITE DE EXCEPCIONALIDADE DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE REGULADO NO ANEXO II DO DECRETO 29/2010 DE 4 DE MARZO ASÍ COMO DA SOLICITUDE DE LICENZA OBRA PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR - SANDRA GARCÍA QUEIRUGA.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 3ª Residencial Media Aliñada de Transformación.

REFª CATASTRAL: 0518166NH0101N0001WF.

SITUACIÓN: Rúa Pedro Arias nº 28, Riveira.

PROMOTOR/A: Sra. Sandra García Queiruga, (DNI 52.931.610-P).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451).

PROXECTO: Proxecto Básico de outubro de 2018 / Proxecto Básico modificado de febreiro de 2019 / Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia asinado Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451).

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 46.934,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola Sra. Sandra García Queiruga, (DNI 52.931.610-P)., solicitábase, en escrito rexistrado de entrada os días 23 de outubro de 2018 e 4 de febreiro de 2019, (Rexistro de entrada nº 15.256 e 1.536), licenza de obras para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, sita na Rúa Pedro Arias nº 28, Riveira en parcela con refª catastral nº 0518166NH0101N0001WF achegándose Proxecto Básico de outubro de 2018, Proxecto Básico modificado de febreiro de 2019 así como Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Decreto 29/2010 de maio de 2019 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia asinado Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451).

SEGUNDO.- O arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos emite **informe técnico favorable** na data 28 de maio de 2019 en relación á solicitude do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, así como en relación á solicitude de licenza de obra para a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



FIRMANTE - FECHA





PRIMEIRO.- A parcela na que se proxecta vivenda clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CON ORDENANZA 3ª RESIDENCIAL MEDIA ALIÑADA DE TRANSFORMACIÓN.**

SEGUNDO.- O artigo 15 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, establece que nas obras de ampliación de edificios e nas obras de ampliación de vivendas, será preciso cumprir coas determinacións das normas NHV-2010 ou dos anexos de habitabilidade aos que fai referencia no capítulo VI, exclusivamente na parte ampliada do edificio ou vivenda.

Nas obras de ampliación de edificios será preciso instalar un ascensor no edificio cando éste carezca del, se creen novas vivendas e a porta de acceso a éstas esté sita por encima da terceira planta dende o nivel de acceso do edificio.

TERCEIRO.- O artigo 16 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo regula a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas neste decreto establecendo que os promotores das actuacións de rehabilitación ou de ampliación de edificios ou vivendas existentes, construídos ao amparo da normativa de habitabilidade anterior a este decreto, poderán solicitar a través dos concellos a excepción do cumprimento das condicións de habitabilidade establecidas no mesmo si, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións de estas normas.

As determinacións da normativa de habitabilidade que poden ser excepciónadas de cumprimento e os límites e condicións para autorizar dita excepción recóllense no anexo II a este decreto.

A súa tramitación ante o Concello inciarase coa presentación da solicitude por parte do promotor da actuación. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación mínima:

a) Anteproxecto, proxecto básico ou proxecto básico e de execución elaborado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente que recolla o estado actual da edificación, ou o plano do solar nos casos aos que fai referencia o artigo 7º e a proposta de intervención.

b) Memoria elaborada polo autor do proxecto no que se recolla a relación detallada das determinacións das presentes normas que se incumplen no mesmo e a xustificación dos motivos que imposibiliten ou acosellen o seu incumprimento.

O procedemento axustárase ás normas da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións do procedemento administrativo común. O concello resolverá e notificará no prazo máximo de seis meses sobre a actuación da excepción á vista do informe elaborado polo técnico municipal competente. A resolución deberá estar convenientemente motivada e nela deberán indicarse expresamente as condicións das NHV-2010 cuio cumprimento se exceptúa e aquelas outras para as que non, figurando na solicitude presentada, non se considera xustificado autorizar a excepción ao seu cumprimento. Ante a falta de resolución expresa transcurridos seis meses dende a solicitude, os interesados poderá entender estimadas por silencio administrativo as súas solicitudes, de acordo co disposto no artigo 43 Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións do procedemento administrativo común.

CUARTO.- O artigo 17 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo regula as propostas dos criterios a seguir elaboradas polo IGVS, onde establece que para garantir a labor de coordinación de criterios e a correcta e uniforme aplicación dos mesmos polas entidades





locais, o IGVS poderá, oído o Comité Asesor de Habitabilidade, elaborar e difundir, con carácter orientativo, propostas ao respecto dos criterios a seguir á hora de resolver as solicitudes de excepción no cumprimento destas normas.

Aos mesmos efectos do punto anterior, os Concellos deberán remitir semestralmente á Dirección Xeral do IGVS a relación de expedientes de excepcionalidade tramitados que incluírá:

- a) A solicitude de excepcionalidade xunto coa documentación que acompaña.
- b) A resolución emitida polo Concello.

O IGVS poderá reclamar aos Concellos e con relación a ditos expedientes, a documentación complementaria que estime oportuna.

QUINTO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

SEXTO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

SÉTIMO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

OITAVO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse





NOVENO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

DÉCIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 7 de maio de 2018 así como da Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Decreto 29/2010 de maio de 2019 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia asinado Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.





DÉCIMO SEGUNDO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO TERCEIRO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO CUARTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumplan.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.





5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO QUINTO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO SEXTO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO SÉTIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO OITAVO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, visto o **informe técnico favorable** emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos na data 28 de maio de 2019 en relación á solicitude do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, así como en relación ao cumprimento das determinacións da normativa urbanística vixente en relación á solicitude de licenza de obra para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/06/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Sandra García Queiruga, en virtude do artigo 17.2 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, **AUTORIZACIÓN DE EXCEPCIONALIDADE** do cumprimento das condicións de habitabilidade aquí afectadas, no que respecta á vivenda unifamiliar existente sita Rúa Pedro Arias nº 28, Riveira en parcela con refª catastral nº 0518166NH0101N0001WF, de acordo coas determinacións da Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Decreto 29/2010 de maio de 2019 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia asinado Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451), no que respecta ao Apartado I.A.1.2 Iluminación, ventilación natural e relación co exterior, e Apartado I.A.2.4 Alturas libres mínimas:

- *Darase traslada do presente acordo no prazo máximo de seis meses á Dirección Xeral do IGVS.*

SEGUNDO.- CONCEDER á Sra. Sandra García Queiruga **LICENZA DE OBRAS (Nº 20/19)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Rúa Pedro Arias nº 28, Riveira en parcela con refª catastral nº 0518166NH0101N0001WF, nos termos do Proxecto Básico de outubro de 2018 redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451):





- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material** así como de **Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.





- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.





3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - TALLERES BAÑA, S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de edificación destinada a parque de maquinaria agrícola.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria e Solo Rústico de Protección Forestal.

REFª CATASTRAL: 15074A037004150000KG.

SITUACIÓN: "Redondos" lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Riveira.

PROMOTOR/A: TALLERES BAÑA S.L. (CIF B.15.236.672).

PROXECTO: Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 16 de novembro de 2017 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena / Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 7 de decembro de 2017 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena / Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena / Estudio Técnico sobre a altura máxima necesaria para a construción proxectada redactado polo Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo, enxeñeiro agrícola (col. 1.395) / Proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais, xustificación da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da Lei 3/2018, de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de data 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena / Documentación técnica xustificativa do cumprimento da Ordenanza Municipal reguladora de Ruído e do Decreto 106/2015 de 9 de xullo sobre contaminación acústica de Galicia.

INFORMES / AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: Consta informe favorable emitido polo Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña Sr. Manuel Rodríguez Vázquez de día 22 de decembro de 2017, aos efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, rexistrado de entrada no Concello o día 3 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 76) / Consta informe favorable emitido polo Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística Sr. José Antonio Cedeira Pérez de día 12 de abril de 2018 aos efectos do disposto no artigo 35 e 36 respecto ao cumprimento das condicións de uso e no artigo 39 respecto das condicións de edificación da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, rexistrado de entrada no Concello o día 17 de abril de 2018, (Rexistro de entrada nº 5.656) / Consta resolución favorable de día 22 de xuño de 2018 pola que se aproba a concesión de autorización de obra na DP7310 - do enlace AC - 11 en Palmeira a Cruz de Moldes P.K. 0 + 060 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2018000025786, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como polo Sr. José Luis Almau Supervía e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso o día 21 de xuño de 2018 / Consta acordo de alteración da descrición catastral de día 24 de outubro de 2018 asinado polo Xerente Rexional do Catastro de Galicia Sr. Benito Bericochea Miranda no que se reflicte unha superficie de 4.732,00 m² / Consta informe favorable emitido pola Axencia Galega de Infraestructuras, Servizo Provincial da Coruña asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Sra. Teresa Palacios Alonso e polo Xefe de Servizo Felipe de la Vega Gándaras aos efectos do disposto no artigo 47 da Lei 6/2015 de 7 de agosto de estradas de Galicia que modifica a Lei 8/2013 de 28 de xuño, en relación á posible afección da AG-11, rexistrado de entrada no Concello o día 30 de maio de 2019, (Rexistro de entrada nº 7.591) / Consta no expediente copia da solicitude - escrito - comunicación presentada pola entidade TALLERES BAÑA S.L. para obter a autorización de verteduras de augas residuais (tramitación ordinaria) de AUGAS DE GALICIA, que tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o día 11 de febreiro de 2019, (Rexistro de entrada nº 2019/293311).

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 236.216.48 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

XGL-27/06/2019 – Páxina 41 de 67



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005CB8700U3E0R8B8W9F8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 18/07/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/07/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/07/2019 13:35:44

DOCUMENTO: 20190379783
Fecha: 18/07/2019
Hora: 13:35





PRIMEIRO.- Visto o expediente que se tramita a instancia da entidade TALLERES BAÑA S.L. (CIF B.15.236.672), en relación á solicitude de licenza de obras municipal para executar unha construción con destino a taller de maquinaria agrícola a emprazar sobre finca de referencia catastral 15074A037004150000KG, sita no lugar de Redondos" lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Riveira, se presenta en escritos rexistrados de entrada os días 16 e 17 de novembro de 2017, 10 de decembro de 2018 e 12 e 27 de febreiro de 2019, (Rexistros de entrada nº 18.224 e 18.206, 18.289, 17.462, 1.959 e 2.786), Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 16 de novembro de 2017, Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 7 de decembro de 2017 e Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 27 de febreiro de 2019 todos redactados polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Fragoso Pena, Estudio Técnico sobre a altura máxima necesaria para a construción proxectada redactado polo Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo, enxeñeiro agrícola (col. 1.395), Proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais, xustificación da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da Lei 3/2018, de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de data 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Fragoso Pena, Documentación técnica xustificativa do cumprimento da Ordenanza Municipal reguladora de Ruído e do Decreto 106/2015 de 9 de xullo sobre contaminación acústica de Galicia.

SEGUNDO.- Visto o informe favorable emitido polo Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña Sr. Manuel Rodríguez Vázquez de día 22 de decembro de 2017, aos efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, rexistrado de entrada no Concello o día 3 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 76).

TERCEIRO.- Visto o informe favorable emitido en base ao Convenio de Adhesión asinado na data 15 de outubro de 2017 e publicado no DOG nº 32 de data 14 de febreiro de 2018 polo Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística Sr. José Antonio Cedeira Pérez de día 12 de abril de 2018, rexistrado de entrada no Concello o día 17 de abril de 2018, (Rexistro de entrada nº 5.656).

CUARTO.- Vista resolución favorable de día 22 de xuño de 2018 pola que se aproba a concesión de autorización de obra na DP7310 - do enlace AC - 11 en Palmeira a Cruz de Moldes P.K. 0 + 060 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2018000025786, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como polo Sr. José Luis Almau Supervía e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso o día 21 de xuño de 2018.

QUINTO.- Visto o acordo de alteración da descrición catastral de día 24 de outubro de 2018 asinado polo Xerente Rexional do Catastro de Galicia Sr. Benito Bericochea Miranda no que se reflicte unha superficie de 4.732,00 m².

SEXTO.- Visto o informe favorable emitido pola Axencia Galega de Infraestructuras, Servizo Provincial da Coruña asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Sra. Teresa Palacios Alonso e polo Xefe de Servizo Felipe de la Vega Gándaras aos efectos do disposto no artigo 47 da Lei 6/2015 de 7 de agosto de estradas de Galicia que modifica a Lei 8/2013 de 28 de xuño, en relación á posible afección da AG-11, rexistrado de entrada no Concello o día 30 de maio de 2019, (Rexistro de entrada nº 7.591).





SÉTIMO.- Vista a copia da solicitude - escrito - comunicación presentada pola entidade TALLERES BAÑA S.L. para obter a autorización de verteduras de augas residuais (tramitación ordinaria) de AUGAS DE GALICIA, que tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o día 11 de febreiro de 2019, (Rexistro de entrada nº 2019/293311).

OITAVO.- Visto o informe técnico con sinatura dixital favorable de día 11 de xuño de 2019 favorable emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras analizar o cumprimento da normativa vixente en materia ambiental.

NOVENO.- Visto o informe técnico con sinatura dixital favorable de día 11 de setembro de 2019 emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade no que analiza en *sentido favorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

DÉCIMO.- Asimesmo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 19 de xuño de 2019 emite informe en relación á superficie de cesión de contemplada no proxecto que se corresponde coa sinalada na resolución de día 11 de decembro de 2015 asinada pola enxeñeira técnica de obras públicas Sra. Sandra Pintado Pérez e polo xefe de servizo de infraestruturas Sr. Felipe de la Vega Gándaras en relación á aliñación de e 8,00 metros ao eixo da estrada que xa está materializada na construción do muro de peche executado en base á licenza de obra nº 16/16 sito na estrada DP7310 - do enlace AC - 11 en Palmeira a Cruz de Moldes P.K. 0 + 060 marxen dereita.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela con referencia catastral 15074A037004150000KG segundo o plano 2.8 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, está afectada polas tramas correspondentes correspondentes a **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA e SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL**.

SEGUNDO.- Artigos 31 a 40 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en adiante LSG).

Artigo 31. Concepto e categorías.

1. Terán a condición de solo rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.

c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

2. Dentro do solo rústico distinguirase o solo rústico de protección ordinaria e o solo rústico de especial protección.





Artigo 32. Facultades e deberes dos propietarios en solo rústico.

1. Os propietarios ou propietarias de terreos clasificados como solo rústico terán o dereito a usar, gozar e dispoñer deles de conformidade coa súa natureza e co seu destino rústico.

2. Igualmente, logo da obtención do título habilitante de natureza urbanística, poderán destinalos aos usos regulados no artigo 35.1 desta lei.

3. Os propietarios ou propietarias de solo rústico deberán:

a) Solicitar, nos supostos previstos na lexislación urbanística, o título municipal habilitante de natureza urbanística e, de ser o caso, a autorización autonómica para o exercicio dos usos permitidos ou autorizables segundo o disposto nesta lei.

b) Realizar ou permitirlle realizar á administración competente actuacións de restauración ambiental e traballos de defensa do solo e da vexetación necesarios para a súa conservación e para evitar riscos de inundación, erosión, incendio, contaminación ou calquera outro risco de catástrofe ou simple perturbación do ambiente, así como da seguridade e saúde públicas.

Artigo 33. Solo rústico de protección ordinaria.

1. O planeamento clasificará como solo rústico de protección ordinaria os seguintes terreos:

a) Os que non resulten susceptibles de transformación urbanística pola perigosidade para a seguridade das persoas e os bens, motivada pola existencia de riscos de calquera índole.

b) Aqueles que o planeamento considere innecesarios ou inapropiados para a súa transformación urbanística.

2. O plan xeral de ordenación municipal poderá excluír desta clase de solo, xustificadamente, aqueles ámbitos que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional.

Artigo 34. Solo rústico de especial protección.

1. O planeamento clasificará como solo rústico de especial protección os terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

2. No solo rústico de especial protección distinguiranse as seguintes categorías:

b) Solo rústico de protección forestal, constituído polos montes veciñais en man común e os terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia forestal.

4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de solo rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria.

5. O plan xeral poderá excluír xustificadamente do solo rústico de especial protección os terreos necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional, logo do informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

Subsección 2ª. Condicións de uso

Artigo 35. Usos e actividades en solo rústico

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.

2. Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

Subsección 4ª. Condicións de edificación.

Así o artigo 39 da citada LSG establece as condicións xerais das edificacións en solo rústico.





Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, tratamento, eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadosos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e aportando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

- Deberá xustificarse cumplidamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

- A superficie mínima da parcela sobre a que se emplazará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1 m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta no excederá do 20% da superficie do predio. No caso de invernadoiro con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.





Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela debrán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obligatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, o nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

e) Fárase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas pola título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

f) As edificacións destinadas ao uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar íntimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que ésta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán ubicarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivanda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno. Cuando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e áa vivanda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivanda non será tida en conta si a mesma e a explotación son do mesmo titular.

Aos efectos da presente lei, se considera explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Título III.- Normas de Aplicación Directa.

O artigo 91 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

- b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.





c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

TERCEIRO.- O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia regula o Solo Rústico nos artigos 45 a 63, destacando no presente expediente os seguintes.

Artigo 59. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos nos artigos 36 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51 do presente regulamento, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración (artigo 39.a) da LSG), conforme o previsto na letra a) do número 3 do artigo anterior.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona (artigo 39.b) da LSG).

c) Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica (artigo 39.e) da LSG).

d) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos previstos neste regulamento (artigo 39.f) da LSG).

e) Cumprir as condicións de edificación previstas no artigo seguinte.

f) Cumprir as condicións de posición e implantación previstas no artigo 61.

Artigo 60. Condicións de edificación

1. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

2. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para





garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

3. Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio en que se sitúen.

As características concretas de revestimento, pintado ou outras condicións exíxibles serán determinadas no planeamento respectivo.

Os peches realizados con material opaco poderán realizarse con materiais tradicionais do medio en que se sitúen.

Para estes efectos, os cerramentos e valados poderán ser vexetais, polo seu efecto estético e a súa acción positiva en relación co medio natural ao servir de refuxio para a fauna silvestre, procurando o uso de especies arbustivas autóctonas.

4. A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

Artigo 61. Condicións de posición e implantación.

1. Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas nos artigos 35.1 letras g), h), i), l) e m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e nas mesmas letras do artigo 50.1 deste regulamento.

2. A superficie mínima da parcela sobre a cal se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados nos artigos 35.1.m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 50.1.m) deste regulamento e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos non será admisible a adscrición doutras parcelas.

3. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio.

As instalacións auxiliares tales como piscinas, pérgolas ou pistas deportivas non terán a consideración de edificación para os efectos do previsto neste punto.

No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

4. Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

5. Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

As instalacións de invernadoiros con destino exclusivo a uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables non terán a consideración de construcións para os efectos do previsto neste punto.

6. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabamento dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.





7. Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

Título III.- Normas de Aplicación Directa.

O artigo 216 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

1. As normas de aplicación directa contidas no presente título vincularán todos os instrumentos de planeamento urbanístico e ás administracións públicas, que deberán aterse a elas ao conceder ou denegar licenzas e ao exercer as súas competencias urbanísticas, exista ou non planeamento aplicable, así como aos particulares que deberán telas en conta nas obras e actuacións que promovan, en execución do planeamento urbanístico.

2. O uso do solo e, en especial, a súa urbanización e edificación, deben adaptarse ás características naturais e culturais do seu contorno, así como respectar os seus valores.

3. As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas e, para tal efecto (artigo 91 da LSG) establécense con carácter xeral e con independencia da clasificación do solo, as seguintes normas de aplicación directa:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el (artigo 91.a) da LSG) e ser coherentes coas características naturais e culturais do seu contorno inmediato e da paisaxe circundante.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto (artigo 91.b) da LSG).

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe (artigo 91.c) da LSG).

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados (artigo 91.d) da LSG).

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións (artigo 91.e) da LSG).

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes (artigo 91.f) da LSG).

4. As normas establecidas no punto anterior deben ser concretadas polo concello respectivo, en forma de determinacións xustificadas incluídas nos instrumentos de planeamento urbanístico aplicables, ou ben en forma de condicións que se impoñan nos títulos habilitantes de natureza urbanística e demais autorizacións que procedan, en desenvolvemento xustificado das citadas determinacións.

CUARTO.- O artigo 40 da LSG establece que as edificacións de carácter tradicional existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos. Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, permitirase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional. En calquera caso, deberanse manter as





características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria. Para os efectos do previsto neste artigo, consideraranse edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana.

QUINTO.- O artigo 142 da LSG dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SEXTO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LSG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 16 de novembro de 2017 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena, Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 7 de decembro de 2017 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena, Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena, Estudio Técnico sobre a altura máxima necesaria para a construción proxectada redactado polo Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo, enxeñeiro agrícola (col. 1.395), Proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais, xustificación da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da Lei 3/2018, de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de data 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena, Documentación técnica xustificativa do cumprimento da Ordenanza Municipal reguladora de Ruído e do Decreto 106/2015 de 9 de xullo sobre contaminación acústica de Galicia.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SÉTIMO.- O artigo 145 da LSG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.





Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

OITAVO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

NOVENO.- O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia regula o Solo Rústico nos artigos 45 a 63, contemplando o artigo 357 do citado Decreto o seguinte:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumplan.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista,





ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Vista a solicitude de TALLERES BAÑA, S.L (R.E. nº 18224, de data 16/11/2017), pola que solicita a compensación de débedas tributarias, entre a liquidación polo concepto de ICIO nº de recibo 77297/2017 (licenza para construción de galpón para parque de maquinaria agropecuaria en Carballa, s/n Palmeira), e a que resulte polo concepto de ICIO (licenza para construción para taller de maquinaria agropecuaria en Carballa, s/n Palmeira, R.E. nº 18206/2017, de data 16/11/2017).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 23/11/2017, que aproba aceptar a renuncia da solicitude de licenza urbanística municipal de obra presentada por TALLERES BAÑA, S.L, para construción de galpón para parque de maquinaria





en Carballa, s/n Palmeira.

Visto o informe de Tesurería de data 27/06/2019 sobre a compensación de débedas tributarias solicitada.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO TERCEIRO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO CUARTO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

DÉCIMO QUINTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO SEXTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente, exposto visto o informe favorable emitido polo Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña Sr. Manuel Rodríguez Vázquez de día 22 de decembro de 2017, aos efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, rexistrado de entrada no Concello o día 3 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 76), visto o informe favorable emitido polo Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística Sr. José Antonio Cedeira Pérez de día 12 de abril de 2018 aos efectos do disposto no artigo 35 e 36 respecto ao cumprimento das condicións de uso e no artigo 39 respecto das condicións de edificación da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia rexistrado de entrada no Concello o día 17 de abril de 2018, (Rexistro de entrada nº 5.656), vista a resolución favorable de día 22 de xuño de 2018 pola que se aproba a concesión de autorización de obra na DP7310 - do enlace AC - 11 en Palmeira a Cruz de Moldes P.K. 0 + 060 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2018000025786, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como polo Sr. José Luis Almau Supervía e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso o día 21 de xuño de 2018, visto o acordo de alteración da descrición catastral de día 24 de outubro de 2018 asinado polo Xerente Rexional do Catastro de Galicia Sr. Benito Bericochea Miranda no que se reflicte unha superficie de 4.732,00 m², visto o informe favorable emitido pola Axencia Galega de Infraestructuras, Servizo Provincial da Coruña asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Sra. Teresa Palacios Alonso e polo Xefe de Servizo Felipe de la Vega Gándaras aos efectos do disposto no artigo 47 da Lei 6/2015 de 7 de agosto de estradas de Galicia que modifica a Lei 8/2013 de 28 de xuño, en relación á posible afección da AG-11, rexistrado de entrada no Concello o día 30 de maio de 2019, (Rexistro de entrada nº 7.591), visto o expediente copia da solicitude - escrito - comunicación presentada pola entidade TALLERES BAÑA S.L. para obter a autorización de verteduras de augas residuais (tramitación ordinaria) de AUGAS DE GALICIA, que tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o día 11 de febreiro de 2019, (Rexistro de entrada nº 2019/293311), visto o informe técnico favorable emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga de día 11 de xuño de 2019, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital de día 11 de setembro 2019, visto o informe técnico con sinatura dixital favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxia Landeira Pereira de día 19 de xuño de 2019 e da





documentación obrante no expediente, e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e de considerar a Xunta de Goberno Local (en base ao disposto polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos e polo Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística Sr. José Antonio Cedeira Pérez que informan favorablemente adecuado á normativa a tipoloxía, volume “xustifica a necesidade polo uso desenvolvido” e a altura “o proxecto e o estudo técnico presentado xustifica o exceso” en atención ao disposto nos artigos 35, 36 e 39 da LSG o cumprimento das condicións de uso e de edificación), e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/06/2019, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER a entidade TALLERES BAÑA S.L. a **LICENZA DE OBRAS (Nº 21/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE TALLER DESTINADO A PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA** en parcela con refª catastral nº 15074A037004150000KG sita en “Redondos” lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Riveira, nos termos do Proxecto para construción de taller de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena, do Estudio Técnico sobre a altura máxima necesaria para a construción proxectada redactado polo Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo, enxeñeiro agrícola (col. 1.395), do Proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais, xustificación da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da Lei 3/2018, de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de data 27 de febreiro de 2019 redactado polo arquitecto técnico Sr. Francisco A. Frago Pena:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Execución e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*
- *As actuacións autorizadas non se poderán iniciar sen que o persoal do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña comprobe a súa correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable de día 22 de xuño de 2018 pola que se aproba a concesión de autorización de obra na DP7310 - do enlace AC - 11 en Palmeira a Cruz de Moldes P.K. 0 + 060 marxen dereita.*
- *O revestido das paredes exteriores se realizará de modo que o seu aspecto final sexa adecuado, para o que se adoptarán solucións oportunas como enfoscar o soporte antes do revoco de cal, ou mixto de cal e cemento para que non se reproduzcan as xuntas de soporte e se asemelle ao revoco tradicional.*
- *A carpintería exterior será preferentemente de madeira e en caso de realizarse en alumnio o PVC presentará o seu acabado exterior aspecto de madeira de calidade compatible coas carpinterías tradicionais.*
- *Os ocos exteriores se recerarán con elementos de cantería de pedra natural da zona de características tradicionais sin que poidan substituírse por losas de revestimento u outros similares.*
- *Deberá adecuarse integramente ao disposto polo artigo 39 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e fágase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.*





SEGUNDO.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

TERCEIRO.- Logo de rematar a obra, presentarase **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** cos requisitos especificados nos artigos 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado, debendo presentar asimesmo:

- *De conformidade co previsto no artigo 11 do Decreto 106/2015 de 9 de xullo, deberá dispoñer con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo Anexo.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio da actividade a acta de conformidade emitida en relación á correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable de día 22 de xuño de 2018 pola que se aproba a concesión de autorización de obra na DP7310 - do enlace AC - 11 en Palmeira a Cruz de Moldes P.K. 0 + 060 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio da actividade autorización de vertedora de AUGAS DE GALICIA.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio da actividade xustificación da xestión efectuada cos RCDs xerados na obra.*

CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

SEXTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*





- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas





condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO SEGUNDO.-

- Proceder á devolución da liquidación polo concepto ICIO nº de recibo 77297/2017 por importe de 3.066,08 €, a favor de TALLERES BAÑA, S.L (licenza para construción de galpón para parque de maquinaria en Carballa, s/n Palmeira).
- Declarar a compensación da débeda tributaria entre TALLERES BAÑA, S.L con CIF B15236672, e este Concello, tendo en conta que concorren os requisitos establecidos na normativa para a devandita compensación, e efectuar o cobro dos créditos tributarios mediante a súa compensación cas obrigas ao favor do suxeito pasivo de conformidade ao seguinte detalle:

CRÉDITOS RECOÑECIDOS A FAVOR DO INTERESADO:

Terceiro/cif/nif	Concepto	Importe liquidación nº de recibo 77297/2017
TALLERES BAÑA, S.L CIF: B15236672	Devolución liquidación polo concepto ICIO para construción de galpón para parque de maquinaria agropecuaria en Carballa, s/n Palmeira	3.066,08 €

CONCEPTOS E CONTÍAS ADEBEDADAS:





Terceiro/cif/nif	Concepto	Importe liquidación
TALLERES BAÑA, S.L CIF: B15236672	Licenza para construción de taller de maquinaria agropecuaria en Carballa, s/n Palmeira	6.120,88 €

COMPENSACIÓN:

Terceiro/cif/nif	Concepto	Importe liquidación complementaria (compensación)
TALLERES BAÑA, S.L CIF: B15236672	Liquidación complementaria de obras Nº DE RECIBO 123583/2019	3.054,80 €

- Declarar extinguidos as anteriores débedas e créditos, na contía concorrente.
- Abonar ao CONCELLO o importe da débeda restante tras efectuar a compensación indicada, de acordo co seguinte:

DÉBEDA A FAVOR DO INTERESADO	3.066,08 €
DÉBEDA A FAVOR DO CONCELLO	6.120,88 €
IMPORTE DOS CRÉDITOS TRIBUTARIOS EXTINGUIDOS	3.066,08 €
IMPORTE A ABONAR AO CONCELLO TRAS A COMPENSACIÓN	3.054,80 €

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

1.- Visto o recurso de reposición presentado **Fernando Paz Pérez**, de data 11/01/2019 (Rexistro de entrada nº 398), no que solicita a devolución dos tributos asociados á licenza de segregación nº 2/17 (Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 24/02/2017).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/06/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





Primeiro.- Ao non estaren cumprimentadas as condicións establecidas no acordo de data 20 de xullo de 2017 considerar que o mesmo non ten plena validez xurídica considerando o mesmo como denegado **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Que se proceda á devolución do 90% da tarifa liquidatoria asociada á solicitude de licenza de segregación (Nº 2/17), formulada por **Fernando Paz Pérez.**

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE FINCAS - MANUEL PÉREZ PARADA.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.1 Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada.

SITUACIÓN: Rúa Barreiro nº 5-6, Aguiño, Riveira.

REFª CATASTRAL: 8781418MH9088S0001WP e 8781417MH9088S0001HP -8781416MH9088S0001UP.

FINCAS INICIAIS:

FINCA A con refª catastral nº 8781418MH9088S0001WP e 8781417MH9088S0001HP, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 457,12 m², que linda: Norte herdeiros do Sr. Andrés Pérez Campos e da Sra. Josefa Ayaso Álvarez; Sur estrada rúa Carreiro; Este finca B propiedade do Sr. Manuel Pérez Parada e da Sra. Griselda Regueira Millet; Oeste Sr. Manuel Fernández Oujo e Sr. José Silva Álvarez.

FINCA B con refª catastral nº 8781416MH9088S0001UP, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 258,00 m², que linda: Norte herdeiros do Sr. Andrés Pérez Campos; Sur estrada rúa Carreiro; Este herdeiros da Sra. Dolores Santamaría; Oeste finca A propiedade do Sr. José Pérez Parada, Sra. Manuela Rey González, Sr. Manuel Pérez Parada, Sra. Griselda Regueira Mollet, Sra. Teresa Pérez Parada, Sr. Manuel Ventoso Oujo e Sr. Juan Manuel Pérez Silva.

Da FINCA A, segrégase unha superficie de 108,40 m² que agrégase á FINCA B resultando finalmente:

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A con refª catastral nº 8781418MH9088S0001WP e 8781417MH9088S0001HP, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 348,72 m², que linda: Norte Sra. Josefa Ayaso Álvarez; Sur estrada rúa Carreiro; Este finca B resultante da segregación; Oeste Sr. Manuel Fernández Oujo e Sr. José Silva Álvarez.

FINCA B con refª catastral nº 8781417MH9088S0001HP e 8781416MH9088S0001UP, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 366,40 m², que linda: Norte herdeiros do Sr. Andrés Pérez Campos e da Sra. Josefa Ayaso Álvarez; Sur estrada rúa Carreiro; Este herdeiros da Sra. Dolores Santamaría; Oeste finca A resultante da segregación.

PROMOTOR/A: Sr. Manuel Pérez Parada, (DNI 35.378.002-T).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Francisco A. Fragoso Pena (arquitecto técnico).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 / Documentación complementaria de abril de 2019 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

XGL-27/06/2019 – Páxina 59 de 67



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005CB8700U3E0R8B8W9F8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 18/07/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/07/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/07/2019 13:35:44

DOCUMENTO: 20190379783
Fecha: 18/07/2019
Hora: 13:35





PRIMEIRO.- Polo Sr. Manuel Pérez Parada, (DNI 35.378.002-T), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada o día 7 de setembro de 2018, e os días 8, 24 abril e 14 de xuño de abril de 2019, (Rexistro de entrada nº 12.969, 4.951, 5.786), licenza de segregación e posterior agrupación de fincas con refª catastral nº 8781418MH9088S0001WP e 8781417MH9088S0001HP - 8781416MH9088S0001UP, sitas na Rúa Barreiro nº 5-6, Aguiño, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 / Documentación complementaria de abril de 2019 redactado polo Sr. Francisco A. Frago Pena (arquitecto técnico), así como Escritura de Propiedade.

SEGUNDO.- O arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos emite informe técnico con sinatura dixital favorable o día 16 de maio de 2019, sinalando que en cada unha das novas fincas resultantes se cumpren as condicións de parcela e fronte mínimos, así como ás determinacións e parámetros urbanísticos da LSG e do Planeamento Municipal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como solo **URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.1 RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AGRUPADA**, *“comprendendo esta ordenanza ás áreas de solo urbano consolidado de orixe agrícola o mariñeiro, caracterizándose por unhas aliñeacións non xeométricas, apiñadas, desordenadas cunha tendencia á compactación de manzanas e o mantemento de horta-xardín nas parcelas maiores.”*

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 / Documentación complementaria de abril de 2019 redactado polo Sr. Francisco A. Frago Pena (arquitecto técnico), así como Escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.





CUARTO.- O artigo 149 da LSG establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 da LSG establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade. artigo

SEXTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.





- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO.- Establece o artigo 366 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro respecto as parcelacións urbanísticas:

Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación (artigo 148 da LSG).

Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por viais existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

Artigo 367. División e segregación de predios en solo rústico

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente (artigo 149 da LSG).

OITAVO.- O artigo 368, define o réxime de parcelacións e divisións de terreos:

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exigible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas (artigo 150.1 da LSG).

2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo (artigo 150.2 da LSG).

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela,





a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior (artigo 150.3 da LSG).

4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento (artigo 150.4 da LSG).

5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG).

O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6.b) da LSG).

c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6.c) da LSG).

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade (artigo 150.7 da LSG).

8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de predios en réxime de propiedade horizontal aplicárase o disposto na lexislación estatal vixente.

NOVENO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO.- Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido dila Lei do Solo e Rehabilitación Urbana a obriga de inscrición de determinados actos administrativos no Rexistro da Propiedade.

DÉCIMO PRIMEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

CONSIDERACIÓNS

Constan nas fincas iniciais un número de edificacións que superan o máximo permitido a Ordenanza 6.1 Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada na que se sitúan, cumprindo os restantes parámetros urbanísticos de edificabilidade e ocupación antes e despois da licenza de segregación e posterior agrupación que nos ocupa, polo dita licenza non empeora a situación urbanística de actual incompatibilidade co planeamento (non encuadradas na situación de fora de ordenación do artigo 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente e visto o informe técnico con sinatura dixital favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos o día 3 de maio de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José





Martínez de Llano orosa, de data 14/06/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Manuel Pérez Parada a **LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE FINCAS (Nº 3/19)** con refª catastral nº 8781418MH9088S0001WP e 8781417MH9088S0001HP - 8781416MH9088S0001UP, sitas na Rúa Barreiro nº 5-6, Aguiño, Riveira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 así como a Documentación complementaria de abril de 2019 redactados polo Sr. Francisco A. Fragoso Pena (arquitecto técnico), resultando finalmente dous fincas de modo que:

- **FINCAS INICIAIS:**

- **FINCA A** con refª catastral nº 8781418MH9088S0001WP e 8781417MH9088S0001HP, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 457,12 m², que linda: Norte herdeiros do Sr. Andrés Pérez Campos e da Sra. Josefa Ayaso Álvarez; Sur estrada rúa Carreiro; Este finca B propiedade do Sr. Manuel Pérez Parada e da Sra. Griselda Regueira Millet; Oeste Sr. Manuel Fernández Oujo e Sr. José Silva Álvarez.
- **FINCA B** con refª catastral nº 8781416MH9088S0001UP, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 258,00 m², que linda: Norte herdeiros do Sr. Andrés Pérez Campos; Sur estrada rúa Carreiro; Este herdeiros da Sra. Dolores Santamaría; Oeste finca A propiedade do Sr. José Pérez Parada, Sra. Manuela Rey González, Sr. Manuel Pérez Parada, Sra. Griselda Regueira Mollet, Sra. Teresa Pérez Parada, Sr. Manuel Ventoso Oujo e Sr. Juan Manuel Pérez Silva.
- Da **FINCA A**, segrégase unha superficie de **108,40 m²** que agrégase á **FINCA B** resultando finalmente:

- **FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:**

- **FINCA A** con refª catastral nº 8781418MH9088S0001WP e 8781417MH9088S0001HP, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 348,72 m², que linda: Norte Sra. Josefa Ayaso Álvarez; Sur estrada rúa Carreiro; Este finca B resultante da segregación; Oeste Sr. Manuel Fernández Oujo e Sr. José Silva Álvarez.
- **FINCA B** con refª catastral nº 8781417MH9088S0001HP e 8781416MH9088S0001UP, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 366,40 m², que linda: Norte herdeiros do Sr. Andrés Pérez Campos e da Sra. Josefa Ayaso Álvarez; Sur estrada rúa Carreiro; Este herdeiros da Sra. Dolores Santamaría; Oeste finca A resultante da segregación.

SEGUNDO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*



FIRMANTE - FECHA





- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Josefa Fraga Vilar**, de data 06/06/2019 (Rexistro xeral de entrada nº 7.943), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Travesía Manzanares, nº 8 B, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 12/06/2019 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Josefa Fraga Vilar autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e con reforzo de pintado de marca vial amarela no bordillo da berarrúa, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Travesía Manzanares, nº 8 B, Riveira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado por José Antonio Norat Deza en representación da entidade **Hoteles Río Azor, S.L.**, de data 18/06/2019 (Rexistro xeral de entrada nº 8.675), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada á explanada exterior do aparcadoiro do establecemento Hotel Río Azor, situado en Insuela (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 22/06/2019 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





Conceder á entidade **Hoteles Río Azor, S.L.** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (4,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e con reforzo de pintado de marca vial amarela, na entrada á explanada exterior do aparcadoiro do establecemento Hotel Río Azor, situado en Insuela (Palmeira), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Cadro de Vacacións 2019 do persoal do Concello de Riveira, informe presentado pola responsable do Departamento de Persoal, Ariana Cajaraville Chacón, de data 20/06/2019.

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do informe de referencia e, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa conformidade ao Cadro de Vacacións 2019 do persoal do Concello de Riveira

AUTORIZACIÓN AMPLIACIÓN HORARIO LÍMITE DE PECHE LOCAIS HOSTELEIROS NO PERÍODO ESTIVAL

VISTO o escrito presentado con data 25 de xuño de 2019 (rex de entrada n 9161) pola **Asociación de Empresarios de Riveira** no que solicitan que o Concello autorice a **ampliación dunha hora sobre os horarios límite de peche nos locais hosteleiros do Concello no período que vai dende o 29 de xuño ata o 13 de setembro**, dado que co verán hai maior afluencia de poboación no Concello de Riveira e tamén nos municipios limítrofes que se acercan a Riveira, debido a todas as festas e eventos que se realizan durante todo o verán e tamén como Concello turístico galego.

CONSIDERANDO que de acordo coa normativa vixente, nomeadamente a **Lei 10/2017, de 27 de cembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia**, compete á Administración Municipal autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, en atención a criterios, supostos e circunstancias excepcionais.

A Xunta de Goberno, no uso das competencias conferidas pola Alcaldía a través de Resolución de 17 de xuño de 2019, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:- Autorizar a **ampliación dunha hora sobre os horarios límite de peche nos locais hosteleiros do Concello no período que vai dende o 29 de xuño ata o 13 de setembro**.





Segundo:-Notificalo presente acordo á Asociación de Empresarios de Riveira para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicalo presente acordo á Xefatura da Policía Local de Riveira para a súa constancia.

Cuarto:- Facultar tanto ó Sr. alcalde-presidente como á Sra. Concelleira delegada de Cultura tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.”

PAGO DE INSCRIPCIÓN EN ESCOLAS DEPORTIVAS DE VERÁN A MENORES EN RISCO DE EXCLUSIÓN.

Vista a **proposta** da Xefa do departamento de Servizos Sociais, Francisca Vidal Regueira, de data 24/06/2019, na que solicita o pago de inscrición en Escolas Deportivas de Verán a menores en risco de exclusión, usuarios do Programa de Educación Familiar dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** o pago de inscrición en Escolas Deportivas de Verán a menores en risco de exclusión, usuarios do Programa de Educación Familiar dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos, según o sinalado na citada proposta:

NOME E APELIDOS (Iniciais)	CÓDIGO USUARIA/O	ACTIVIDADE	CÓDIGO ACTIV.	IMPORTE
H.T.L.	2563	Padel (Grupo 1)	1-9-7-1	16,80€
N.S.L.N	2556	Volei praia	1-9-14-1	16,80€
N.S.L.N	2556	Iniciación ao fitness	1-9-1-1	16,80€
D.P.B.	2540	Iniciación ao windsurf – padel surf (1ª semana G2)	1-9-11-2	40,00€
S.G.CH.B.	2542	Iniciación ao windsurf – padel surf (1ª semana G2)	1-9-11-2	40,00€
S.I.M.	2504	Volei praia	1-9-14-1	16,80€
TOTAL				147,20€

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

